



O banco aposta polas telecomunicacións de vangarda de R para responder á demanda crecente de servizos e prestacións de última xeración dos/as seus/súas clientes/as

## R proporciona a ABANCA unha tecnoloxía de vangarda a través da súa rede fixa de fibra óptica

- *O novo sistema de telecomunicacións de ABANCA queda preparado para dar cobertura a todas as súas oficinas, espalladas pola Península Ibérica e tamén por Europa e América.*
- *A profesionalidade e experiencia do equipo técnico de R en coordinación cos expertos de ABANCA e o seu coñecemento mutuo dende hai anos garanten a xestión e o mantemento duns servizos de telecomunicacións de vangarda da máxima calidade.*
- *ABANCA reforza os seus sistemas coa redundancia das infraestruturas (respaldo de equipamentos) e coa tecnoloxía SDWAN, que maximiza a capacidade e a dispoñibilidade das redes de telecomunicacións de ABANCA.*

**Mércores, 10 de maio de 2023.-** O operador galego R vén de concluír o proxecto de modernización dos sistemas e servizos de ABANCA. O banco conta, así, cos servizos de telecomunicacións fixas máis avanzadas do mercado, situándose á vangarda tecnolóxica.

O novo sistema de telecomunicacións de ABANCA é un proxecto completamente **adaptado ás necesidades, ecosistema e dispersión das oficinas de ABANCA**, que dispón dunha ampla rede de oficinas na Península Ibérica e cunha destacada presenza no resto de Europa e de América. Deste xeito, a calidade dos servizos de última xeración de R, a súa instalación e o soporte técnico quedan garantidos en todas as localizacións da entidade bancaria a nivel nacional e internacional.

Outra das claves deste sistema de telecomunicacións de ABANCA completamente renovado é a estreita **comunicación e coñecemento mutuo dos equipos profesionais** de R e máis da entidade bancaria, tanto na parte técnica como de dirección. A experiencia contrastada de primeiro nivel do operador galego e a súa colaboración mantida con ABANCA ao longo dos anos en múltiples proxectos son igualmente elemento a favor desa necesaria adaptación aos requirimentos da entidade, ademais de avalar a proactividade e o compromiso de R co seu negocio. Tamén é fundamental esa coordinación excelente para valorar sempre con realismo a capacidade da rede, así como a xestión e o mantemento do servizo.

Segundo José Manuel Valiño, director xeral de IT, Información, Procesos e Operacións de ABANCA, *“este proxecto ten a súa orixe na cultura de innovación de ABANCA e na nosa vocación como organización centrada na prestación de servizos financeiros de alto valor aos nosos clientes a través dun modelo mixto persoal e dixital. Dispor, en alianza con R, dunha infraestrutura de telecomunicacións de vangarda resulta esencial para dar resposta ás crecentes demandas de servizo e reforza a nosa posición como entidade referente no sector en materia de tecnoloxía”*.

Isidro Fernández de la Calle, director de Empresas de R, salienta *“a grande importancia que ten esa comunicación tan estreita e fluída entre nós e ABANCA dende hai moito tempo. Seguimos a ser socios tecnolóxicos para esta entidade de primeiro nivel en Galicia -e fóra do territorio- que confía en nós tamén para seleccionar conxuntamente as alianzas máis oportunas cos provedores e para cada servizo en cada momento”*.

A maiores, a modernización das comunicacións fixas de ABANCA coas solucións de R implica lles dar resposta neste eido aos obxectivos da entidade bancaria ao **ritmo de crecemento do negocio**.

O foco está posto en manter o valor dun servizo de telecomunicacións excelente co que se procura a **capacidade de reacción e adaptación aos diferentes fluxos de tráfico de datos** da entidade (con tecnoloxías SDWAN e MPLS) segundo a conxuntura en cada momento para garantir a **dispoñibilidade dos servizos** redundando con dobre e ata tripla conexión o servizo de datos das oficinas bancarias.

**comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)